

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 11 de abril de 2006 pola que se publica a delegación de funcións no director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

A disposición adicional 6ª da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, creou a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O Consello de Dirección da Agader é o órgano colexiado de goberno da axencia, integrado por representantes de distintas áreas da Administración autonómica.

Co fin de axilizar a realización das actividades da axencia, o Consello de Dirección do 10 de outubro de 2005 delegou diversas funcións no presidente e no director xeral da Agader. Neste cadro de delegacións non se prevía a relativa aos programas de desenvolvemento rural similares aos actuais programas Leader+, Proder II e Agader.

A exclusión desta delegación determina que, con carácter xeral, a competencia sobre procedementos de reintegro de pagamentos indebidos deba exercela o Consello de Dirección, o cal pode dilatar en exceso a tramitación deste tipo de expedientes.

Deste xeito, e por razóns de eficacia, o Consello de Dirección da Agader do 28 de marzo de 2006 delegou no director xeral da Agader a función relativa á realización dos trámites necesarios para facer efectivo o reintegro das cantidades indebidamente percibidas no marco dos programas de desenvolvemento rural.

De acordo co artigo 13 da Lei 30/1992, do 16 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede publicar o dito acordo.

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Publicar o seguinte acordo do Consello de Dirección da Agader:

Ao abeiro do artigo 6.1º j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, engádesse a seguinte función á relación das funcións delegadas polo Consello de Dirección da Agader do 10 de outubro de 2005 no director xeral da Agader: realización das actuacións necesarias para facer efectivo o reintegro das cantidades indebidamente percibidas no marco dos programas de desenvolvemento rural.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE**

Orde do 11 de abril de 2006 de subvencións ás entidades de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago para o ano 2006.

O Camiño de Santiago constitúe o berce dunha identidade cultural europea común, e así foi recoñecido polo Consello de Europa, a Unión Europea e a UNESCO, ao tempo que ostenta a condición de Grande Itinerario Cultural Europeo.

A importancia de tales recoñecementos, así como o constante fluír de peregrinos, que lonxe de diminuír observou nos últimos anos un auxe crecente, levaron a Consellería de Cultura e Deporte a desenvolver unha normativa propia arredor do Camiño de Santiago.

Así, a través do Decreto 224/1994, do 2 de xuño, crease o Rexistro de entidades de promoción do Camiño de Santiago, co fin de realizar actuacións conxuntas, facilitando a recíproca información entre as diferentes entidades vinculadas ao Camiño.

Polo Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición normativa en materia do Camiño de Santiago, derrógase o Decreto 224/1994, do 2 de xuño, regulándose no capítulo IV o Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

No artigo 24 do Decreto 45/2001, establécese que as entidades inscritas poderán solicitar as subvencións que regulamentariamente se determinen. Con base nisto, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no uso das competencias conferidas polo Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, considera necesaria a concesión de axudas ás entidades que realicen actividades de difusión, investigación ou promoción dos Camiños de Santiago.

Para tal fin,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e contía máxima.

A presente disposición ten por obxecto promover e incentivar, mediante a concesión de subvencións a fondo perdido, ás entidades que realicen actividades de conservación, protección, promoción, investigación ou calquera outra que repercuta directa ou indirectamente nos Camiños de Santiago en Galicia.

As actuacións destas entidades poderán ser subvencionadas coa cantidade máxima de doce mil euros (12.000,00 euros) por beneficiario, para actividades de difusión escrita, investigación, infraestruturas no Camiño, xornadas, seminarios, etc., referidas a calquera dos Camiños de Santiago oficialmente recoñecidos polas Comunidades Autónomas afectadas, e ata a finalización do crédito orzamentario previsto para o efecto. Non serán obxecto de subvención os gastos de mantemento, funcionamento ou loxística da entidade peticionaria. Tampouco se subvencionarán viaxes de peregrinación, romarías, etc.

Artigo 2º.-Importe orzamentado.

O importe total do crédito destinado para esta convocatoria é de douscentos mil euros (200.000,00 euros) e farase con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.353-D.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. En todo caso, o gasto proxectado, que é compatible con outras posibles axudas, subvencións, ingresos ou recursos, suxeitarase á existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

No caso de resultar remanentes do orzamento por non realizarse a totalidade das actividades subvencionadas, a conselleira de Cultura e Deporte poderá destinar as ditas cantidades a outras actividades que se consideren axeitadas para a promoción do Camiño de Santiago.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións as asociacións, fundacións e institucións que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades de promoción do Camiño de Santiago.
- b) Presentar un proxecto detallado das actividades descritas no artigo 1º.

Artigo 4º.-Solicitudes.

Os interesados enviarán as súas solicitudes no modelo oficial que figura ao final desta orde, á Consellería de Cultura e Deporte, Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago edificio administrativo San Caetano, bloque 3, 15704, Santiago de Compostela. Tamén poderán presentarse as mesmas nas dependencias das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, todo isto de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En consecuencia, non serán admitidas solicitudes enviadas a través de fax, teléfono ou calquera dos medios que non figuren no artigo citado.

A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Número de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.
- b) Proposta das actividades para as cales solicitan subvención e polas cales poidan presentar factura a data 30 de outubro de 2006, orzamento detallado das citadas actividades, así como unha breve memoria delas e as súas datas de realización.
- c) Fotocopia da tarxeta do CIF, ou documento equivalente no caso de entidades estranxeiras.
- d) Breve relación das actividades realizadas durante o ano anterior (máximo 6 páxinas).
- e) Declaración xurada de ter ou non solicitado axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías solicitadas.

No suposto de que, en calquera momento posterior á presentación da anterior instancia, os interesados soliciten a axudas a que se refire a alínea e) deste artigo, será obrigatorio poñelo en coñecemento dos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, dando conta da axuda solicitada, contía e administración ou ente público ou privado a que se dirixe.

Artigo 5º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de maio de 2006.

Artigo 6º.-Tramitación.

As solicitudes serán tramitadas polos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, con suxeición ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

Unha comisión de valoración creada para o efecto examinará e cualificará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios en orde decrecente:

1º A repercusión cultural e social da actividade a calquera nivel.

2º A contía total de achegas económicas ao proxecto, tanto as obxecto de subvención como as achegas dos solicitantes.

3º O carácter continuado e non ocasional do proxecto.

4º A importancia e interese patrimonial e cultural das actividades propostas no proxecto presentado, con especial valoración daqueles que contribúan á difusión do patrimonio cultural galego vinculado aos Camiños de Santiago.

A comisión estará integrada por un presidente, tres vogais e un secretario.

-O presidente será o secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte.

-Serán vogais o director xeral de Patrimonio Cultural, o subdirector xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago e o director xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

-Actuará como secretario o/a xefe/a do Servizo de Conservación e Protección Xacobeas.

Artigo 8º.-Resolución.

O prazo máximo de resolución previsto neste procedemento será de seis meses contados desde o día seguinte ao derradeiro día para a presentación das solicitudes.

A comisión elevará a súa proposta motivada á conselleira, que resolverá a convocatoria. A resolución notificaráselle aos interesados segundo o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outor-

gadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 9º.-Prazo de aceptación.

Os beneficiarios deberán confirmar a súa aceptación da subvención no prazo de 5 días desde a recepción da notificación da concesión da subvención, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, comprometéndose a executar o proxecto ou actividade subvencionada no prazo establecido e nas condicións fixadas na resolución.

Se, transcorrido o anterior prazo, non se confirmase a aceptación, entenderase que se renuncia á subvención e procederá, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 10º.-Denegación da subvención.

O incumprimento dos requisitos exixidos pola orde de convocatoria será causa de denegación da subvención.

En calquera caso, a denegación da subvención será expresa e motivada e os interesados poderán interpoñer potestativamente contra a resolución denegatoria recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Realización das actividades.

As actividades subvencionadas levaranse a cabo con estrita conformidade coa proposta recollida no artigo 4º desta orde e na súa realización deberase deixar constancia de que se trata de actividades subvencionadas pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e no caso de actividades que comporten difusión escrita, deberá ir en lugar e tamaño destacado o logotipo da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Artigo 12º.-Seguimento e obrigas dos beneficiarios.

A Conselleira de Cultura e Deporte velará para que as actividades obxecto da subvención se realicen de conformidade co disposto no artigo anterior, podendo tomar as medidas que coide oportunas ao respecto.

En calquera caso, os beneficiarios están sometidos ao cumprimento das obrigas contidas nos artigos 14 e 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, debendo facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13º.-Documentación xustificativa do pagamento.

A subvención farase efectiva sempre que na data do 30 de outubro de 2006 se tivese executado na súa totalidade a actividade especificada na solicitude a que se refire o artigo 4º, e se tivese entregado completa a documentación que a seguir se relaciona:

a) Informe acreditativo de terse completado o obxecto da subvención xunto coas fotografías, notas de prensa e demais material que dea testemuña suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas orixinais ou, se é o caso, fotocopias compulsadas dos gastos realizados para o cumprimento da actividade subvencionada.

c) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada corresponde á entidade.

d) Certificación actualizada da entidade de ter ou non recibido axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, se é o caso, contías solicitadas.

Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto subvencionado das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 14º.-Perda da subvención.

Procederá ao reintegro total ou parcial e á exixencia dos xuros de demora, de conformidade co Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nas bases regulamentadoras para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

d) Obtención de subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de xeito tal que exceda o custo da actividade desenvolvida.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD228A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/>	A) NÚMERO DE INSCRIPCIÓN NO REGISTRO DE ENTIDADES DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO.
<input type="checkbox"/>	B) DOCUMENTACIÓN EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES PARA AS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓNS.
<input type="checkbox"/>	C) FOTOCOPIA DA TARXETA DO CIF.
<input type="checkbox"/>	D) BREVE RELACIÓN DE ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO ANTERIOR (MÁXIMO 6 PÁXINAS).
<input type="checkbox"/>	E) DECLARACIÓN XURADA DE TER OU NON SOLICITADAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO, NACIONAL OU INTERNACIONAL E, SE É O CASO, CONTÍAS SOLICITADAS.

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO/S QUE SE VAN REALIZAR
CANTIDADE/S SOLICITADA/S
CONTIA/S DO PROXECTO
DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 11 de abril de 2006 de subvencións ás entidades de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago para o ano 2006.</i> <i>Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</i> <i>Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</i> <i>Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.</i> <i>Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SIN TAURA DO SOLICITANTE
_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleira de Cultura e Deporte

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 6 de abril de 2006 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación A Nosa Saúde en Cifras. Ano 2005.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola Consellería de Sanidade que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2006.

M^a José Rubio Vidal
Conseleira de Sanidade

ANEXO

A Nosa Saúde en Cifras. Ano 2005: 36 euros.

Resolución do 10 de abril de 2006, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria (tratamentos DDD).

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como, para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán aos organismos responsables, na comunidade autónoma, a homologación dos ditos cursos e no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vai realizar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e Consumo e de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e

Alimentación, solicitados pola *Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragmas* (Anecpla), de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso.

Curso para a capacitación de aplicadores de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, nivel básico.

2. Entidade organizadora.

Anecpla (*Asociación Nacional de Empresas de Control de Pragmas*).

3. Data.

Do 5 ao 9 de xuño de 2006.

4. Lugar de realización.

Feuga. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Universitario Sur. 15705 Santiago de Compostela.

5. Número de prazas.

Máximo 25 alumnos.

6. Dirixido a

Todo o persoal auxiliar dos servizos de aplicación de praguicidas de uso ambiental e uso na industria alimentaria, non clasificados como moi tóxicos.

7. Criterios de selección.

Por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

8. Presentación de solicitudes.

Enviaranse a Anecpla (polígono industrial Vallecas. Estrada Villaverde-Vallecas nº 265. Edificio Hormigueras, 3º esq., 28031 Madrid. Teléfono: 913 80 76 70. Fax: 917 77 99 45 anecpla@anecpla.com) por fax, carta ou correo electrónico, acompañado da seguinte documentación:

-Solicitude segundo modelo anexo I.

-Xustificante de ter ingresado a cota de 165 €/alumno (asociados Anecpla) e 275 €/alumno (non asociados) na conta Anecpla número 0049 5115 31 2716094078, do *Banco Santander Central Hispano*.

9. Data límite para a presentación de solicitudes.

Ata o 10 de maio de 2006.

10. Programa.

5-6-2006	9.30-11.30 h	Introdución.
	11.30-13.30 h	Pragas ambientais e alimentarias (I).
6-6-2006	9.30-13.30 h	Pragas ambientais e alimentarias (II).
7-6-2006	9.30-13.30 h	Praguicidas. Hixiene e seguridade no seu manexo.
8-6-2006	9.30-13.30 h	Prevenición, diagnóstico e primeiros auxilios en caso de intoxicación.
9-6-2006	9.30-12.30 h	Equipos na loita antivecitorial. Exercicio práctico.
	12.30-13.30 h	Métodos de loita antivecitorial. Biocidas e ambiente.
		Avaliación.

11. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e, en caso de superalas,